



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

Reunión co novo Director Xeneral da AEAT

O pasado luns tivemos unha reunión de presentación co novo Director Xeral da AEAT na que lle informamos dos asuntos que nestos días nos fixestedes chegar e que son de interese para todos. Estaba presente tamén a Directora de RRHH e o Subdirector de Relacións Laborais. Os temas que tratamos, entre outros, son os seguintes:

-Carreira Administrativa:

Expuxémoslle a situación na que está o desenvolvemento do Acordo de Carreira Administrativa, xa que non hai convocatoria da Mesa desde hai case dous meses. Fixémoslle chegar a nosa preocupación polo abandono que está a sufrir o Acordo, xa que hai multitude de temas pendentes de tratar, levamos presentados moitísimos escritos ao respecto e non vemos avance ningún. A isto úneselle agora a incertidumbre polas posibles restriccións presupuestarias que poden paralizar o Acordo.

-Concursos e sistemas de Mobilidade:

Comentámoslle que o sistema actual non está a responder ás expectativas do persoal: tal e como están argalladas as bases dos concursos se está favorecendo que os adxudicatarios perdan retribucións a costa de moverse, deixando vacantes prazas nos casos en que podería haber mellora económica ou suba de Tramo de carreira dos adxudicatarios. Estamos a ver, ademais, que apenas se convocan prazas en Galicia (1 praza no concurso do CTH e ningunha no de Axentes de Facenda Pública) e denunciámos a multitude de prazas que quedaron vacantes no concurso de Vixilancia Aduaneira, precisamente porque podía haber había suba de Tramo dos adxudicatarios. Consideramos que debería buscarse un sistema para cubrir as resultas do concurso, xa que a mobilidade prodúcese dentro de Galicia e non vén xente de fóra. Denunciamos tamén que non se cubren todas as vacantes que se producen por xubilacións, etc., sobre todo nas Administracións, o que supón un recorte encuberto dos servizos públicos.

-Productividade:

Comentámoslle a nosa preocupación polo sistema de reparto da produtividade nesta casa xa que é realmente escandaloso e crea moito descontento e desmotivación entre os funcionarios. Debe buscarse un sistema máis xusto consensuado coas organizacións sindicais xa que a AEAT está a perder xudicialmente todos os contenciosos e iso é sinal de que non se fan as cousas ben. O novo Director tomou boa nota sobre a nosa "sospeita" de que a baixada das retribucións que imos ter a partir de xuño para certos colectivos desta casa vaia "compensar" coa produtividade. Comentámoslle que imos estar ben atentos pois denunciaremos no xulgado este tipo de actuacións.



**Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA**

CIG: AXENCIA TRIBUTARIA

-Vixilancia Aduaneira:

Denunciamos que non se convoca a Mesa de Vixilancia Aduaneira desde hai máis de tres anos, situación que está denunciada xudicialmente pola CIG. Tamén reclamamos máis atención para este colectivo que se está a xogar a vida no seu traballo diario e, sen embargo, son os grandes esquecidos da AEAT.

Lembrámoslle que desde o ano 1997 está aprobada por Lei a Segunda Actividade para Vixilancia Aduaneira que está, a día de hoxe, sen desenvolver, entre outras cousas, pola falta de interese da Administración.

-Saúde Laboral:

Pedimos máis atención a estes temas por parte da AEAT e a creación dunha Mesa Específica de Saúde Laboral para V.A.

Aínda que se trataba dunha reunión protocolaria de presentación e non esperabamos moito máis, o novo Director da AEAT tomou boa nota de todas as nosas queixas. Esperemos que mellore o diálogo dos interlocutores da AEAT coa parte social, pois a peor, tal e como estaban as cousas, xa non podía ir.

SEGUIREMOS INFORMANDO

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF: 981 61 68 89-EXT.: 868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

mariacarmen.ares@correo.aeat.es

WWW.CIGAEAT.COM